

Anuncio. Decreto do alcalde núm. 722/2021 do 02/06/2021.

**Asunto:** revogación delegación exercicio atribucións xenéricos en concelleiro/a

## ANTECEDENTES

1. Logo de ver que o alcalde, no uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente, no decreto núm. 866/2019, do 08/07/2019 *Boletín Oficial da Provincia* do 143 do 31/07/2019, modificado por ampliación no decreto 902/2019 do 20/07/2019, (*Boletín Oficial da Provincia* do 143 do 31/07/2019), conferiu as delegación xenéricas para a dirección e xestión das áreas de goberno municipal:

**Urbanismo, Medio Rural e Benestar Animal:** Carlos Turnes Romero

**Formación, Cultura, Deportes e Xuventude:** Cristina Fajín Barreiro

**Obras e Servizos Públicos:** José Antonio Ucha Velo

**Muller, Igualdade e Maiores:** Blanca María Carmen Ruza Blanco

**Turismo e Relacións Veciñais:** José María Espasandín Martínez

**Servizos Sociais, Dependencia, Discapacidade e Colectivos Vulnerables:** Jessica Ántelo Álvarez

2. E de ver que se autorizou o réxime de dedicación parcial para o desenvolvemento dos cargos de concelleiros-delegado para a dirección e xestión das áreas:

**Formación, Cultura, Deportes e Xuventude:** Cristina Fajín Barreiro

**Obras e Servizos Públicos:** José Antonio Ucha Velo

3. E de ver as actuacións políticas adoptadas polos concelleiros-delegados mencionados arriba, que afectan negativamente ao normal desenvolvemento do traballo do goberno municipal, este alcalde, por falta de confianza, considera necesario revogar as delegacións xenéricas das direccións e xestión da áreas que constan no parágrafo 1 dos antecedentes.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Logo de ver que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, e, onde esta non exista, nos tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para labores específicos, poida realizar a prol de calquera concelleiro, aínda que non pertencen a aquela comisión, ao abeiro do artigo 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80 do 03/04/1985), (en diante, LBRL) e do artigo 43.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE núm. 308 do 22/12/1986), (en diante ROF).
2. E de ver que a revogación ou modificación das delegacións adoptárase coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento, ao abeiro do artigo 114.3 do ROF.
3. E de ver que se perde a condición de concelleiro-delegado por revogación da delegación, adoptada polo alcalde ou presidente coas mesmas formalidades previstas para outorgala, ao abeiro do artigo 120.2 do ROF.
4. E de ver que as delegacións a que se refire o artigo 43 do ROF serán realizadas mediante decreto do alcalde que conterá o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste Regulamento.  
A delegación de atribucións do alcalde terá efectos desde o día seguinte á data do decreto, agás que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e no municipal, se existise. Estas normas serán aplicables a calquera modificación posterior das delegacións.

5. E de ver que de todas as delegacións e das súas modificacións darase conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre con posterioridade ás mesmas.

De acordo con todo o indicado, ao abeiro dos artigos 21.1.e 23.4 da LBRL; o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149 do 5/08/1997 e BOE núm. 237 de 3/10/1997), **RESOLVO:**

1. Revogar as delegacións xenéricas para a xestión e dirección das áreas conferidas aos concelleiro/as no decreto núm. 866/2019, do 08/07/2019, modificado por ampliación no decreto 902/2019 do 20/07/2019, que asumirá a alcaldía. As delegacións xenéricas que se revogan:

**Urbanismo, Medio Rural e Benestar Animal:** Carlos Turnes Romero

**Formación, Cultura, Deportes e Xuventude:** Cristina Fajín Barreiro

**Obras e Servizos Públicos:** José Antonio Ucha Velo

**Muller, Igualdade e Maiores:** Blanca María Carmen Ruzo Blanco

**Turismo e Relacións Veciñais:** José María Espasandín Martínez

**Servizos Sociais, Dependencia, Discapacidade e Colectivos Vulnerables:** Jessica Ántelo Álvarez

2. Os seguintes concelleiros perden a dedicación parcial:

**Concelleira-delegado de Formación, Cultura, Deportes e Xuventude:** Cristina Fajín Barreiro

**Concelleiro-delegado Obras e Servizos Públicos:** José Antonio Ucha Velo

3. Tramitar as baixas na Seguridade Social e no departamento de nóminas dos concelleiros mencionados no parágrafo anterior.
4. Notificar este decreto aos concelleiros mencionados.
5. As revogacións terán efecto desde a data deste decreto, con independencia da data de publicación, ao abeiro do artigo 44 do ROF.
6. Publicar este decreto no *Boletín Oficial da Provincia*, no Taboleiro de Edictos Electrónico e na sede electrónica municipal.
7. Dar conta á secretaria de Estado das Administracións Públicas, por medio do Portal das Entidades Locais (seguimento de concelleiros).
8. Dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre. Tamén aos departamentos municipais.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

David Barbeira García  
(Documento que se asina electronicamente)

Dou fe  
A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada

Santa Comba, 2 de xuño de 2021

O alcalde

David Barbeira García